





Reinserción para as persoas préesas: contra a tripla exclusión



A foto que fala



O trasno Europa, o mar e nós

Daniel López Muñoz



Pois vai resultar que despois de tanto latricar de Europa aínda lle vamos ter que dar as grazas –desde a esquerda, desde a crítica social organizada, ou como queirades dicilo- ás institucións europeas por estaren aí e por poñerlles, de cando en vez, algún límite aos nosos Alí Babás e as súas motivadas tropas de dilixentes urbanizadores.

Certamente, a cousa nosa non ten moito remedio “desde dentro”. Mi madriña! Que prontitude! Acceden ao poder e, veña, a fedellar para con-

tratar obras e servizos con ti xa sabes, arrimar arrimeime, a cambio do que cadre, de cartos, de empregos, de “atencións”. Unha celeridade e unha eficacia increíbles. Polo que se vai coñecendo dos sumarios, os casos do lugués Liñares e do ex-alcalde imputado de Compostela, Conde o Breve, poderían dar material de calidade para unha trepidante serie televisiva. Colleita nutrida, en tempo *record*. A verdade hase saber, tense que saber.

O Consello de Europa (non confundir co Consello Europeo, da UE), advirte “que os casos de corrupción atentan gravemente contra a credibilidade das institucións en España” e amosa moita preocupación no referente á independencia do ministerio fiscal.

E unha comisión do Parlamento Europeo (este si que é parte da UE), aprobou un informe duramente crítico contra a política de “urbanización masiva” e “destrución do litoral” en España, mesmo suxerindo suspender

as axudas se non se corríxen os problemas.

O caso é que non foi por falta de avisos. Por exemplo, aquelas polémicas nos noventa, sobre a obsesión por urbanizar praias e paseos marítimos nas vilas e gañarlle terreo ao mar. Avisar, avisamos. Protestamos. Denunciamos. Pero uns e outros querían as praias domesticadas, urbanizadas, inauguradas. E mesmo “refeitas” (O recheo de area de Riazor, unha rampla perfecta para que as augas bravas cheguen ás casas, custou 8,5 millóns de euros). O mar deunos a razón: era mellor investir en investigación, coñecemento e solidariedade.

Francisco, ese señor de branco que sae pola tele, clama contra a corrupción cada segundo día. Todas as miradas europeas postas no Estado español. E un ruidoso silencio ao respecto dos purpurados hispanos, moito máis preocupados pola unidade patria e por un catolicismo imposible, que segue cheirando a nostalgia, naftalina e complicidade.

Editorial Pisando terra?

Será que non hai moito máis onde escoller, pero os nomeamentos e recoñecementos eclesiásticos que imos coñecendo, decepcionan. Descoñecemos, por exemplo, os motivos que se agachan tras o nomeamento como cardeal de Fernando Sebastián Aguilar, o bispo que no seu día pedira, como criterio pastoral de discernimento antes dunhas eleccións, que non se desbotara a posibilidade de votar a Falange Española. Neste caso concreto houbo quen falou de reparación a prol de alguén que con Rouco non fora xustamente tratado. Se eses son os efectos prácticos da reforma de Francisco, case que cambiamos de tema, volvemos ao traxe de catacumba e a seguir sobrevivindo.

Ademais, o nomeado, co seu don da oportunidade, volveu sobre un dos temas favoritos dos xerarcas católicos: a homosexualidade. E non o fixo como Francisco, o seu rescador. Bergoglio falou no seu momento en termos de comprensión, de respecto, de dignidade na diferenza e de absterse de xuízos e condenas. Fernando Sebastián, cun ton de experto na materia, sentenciou que os homosexuais son enfermos e que a súa sexualidade é deficiente.

A base católica mundial apoia un cambio que ten moitos opositores internos

Por que é significativo este episodio? Ata agora os que corrixían, matizaban e interpretaban as palabras e os símbolos de Francisco eran os “resistentes”; o resto do antigo réxime. Agora resulta que é unha persoa “elevada” polo propio Francisco o que dá o seu propio e peculiar “matiz” a un paso enorme dado por Francisco a favor da comprensión, dunha igualdade nova, baseada na escoita e no respecto á diferenza.

Estes días, unha enquisa a nivel mundial, promovida entre o mundo católico pola cadea Univisión, conclúe que as persoas de base da Igrexa (as mesmas a quen Francisco dirixiu un cuestionario a través das dioceses que ninguén sabe moi ben como se diseminou) están en desacordo coa cerrazón da Igrexa xerárquica en temas que formaron parte recentemente das súas obsesións (ou prioridades desviadas, que denuncia o actual Papa). Por exemplo, o mundo católico apoia maioritariamente que a xente divorciada e volta a casar poida seguir dentro da comunidade de fe; que sexa moralmente lícito abortar en determinadas circunstancias; que se poidan usar anticonceptivos; e que os curas poidan casar.

Curiosa situación a desta Igrexa universal, querendo cambiar por arriba e por abaixo e resistindo no seu inmovilismo pola súa potente liña medular.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Hai unha película arxentina extraordinaria. Trátase de *O segredo dos seus ollos*. Se non a viches, paga a pena. Nesa película extraordinaria hai unha escena extraordinaria, e nesa escena hai unha frase extraordinaria: “Un tipo pode cambiar de todo: de cara, de casa, de familia, de noiva, de relixión,

de Deus..., pero hai unha cousa que non pode cambiar: non pode cambiar de paixón?”

Nesta película, a paixón é a futbolística, pero teño que recoñecer que a xente apaixonada é imprescindible.

En Irimia coñezo uns cantos apaixonados. Coñezo un profesor apaixonado da súa profesión que fai moitas actividades coa súa rapazada e que, con outros profes apaixonados/as, leva adiante a CGENDL, que quitan a apaixonante revista *Ollos de aula*. E, aínda por riba, quita, con outros apaixonados máis, a revista que tes nas mans. Vivan as paixóns destas persoas.

Tamén coñezo a paixón pola política doutro irimego. Nunha xuntanza


política este rapaz berrou que somos herdeiros do mártir cristián Alexandre Bóveda. Viva a paixón. Moito traballa polo Reino de Deus en política. Como dicía alguén nunha rede social, precisamos un destes en cada concello.

Homes e mulleres apaixonadas que nos rodean. Son os imprescindibles. Imaxinar un mundo sen eles resulta aburrido. Un cura, hai anos, díxome que se precisaba alguén que me botase unha man para algún labor, que non lles pedise axuda aos que están atarefados en non facer nada. “Ti pídelles axuda aos que estean moi ocupados porque eses poderán axudarte?” O meu consello, rodéate de xente apaixonada e apaixonante. A túa vida non será aburrida.

1



3



2



4



A peneira

1

O 20, nen@s de Ourense, Palas e Touro representan *Faíscas* no Teatro Principal de Ourense. A recadación é para a **FUNDACIÓN MENIÑOS**. Trátase dunha celebración do compañeirismo, do diferente e da solidariedade; unha reivindicación do teatro coma luz, son, mensaxe, compromiso, emoción, poesía...

2

O 12 e o "Día das **MANS VERMELLAS**" contra o recrutamento de nen@s soldados. Hai máis de 30.000 no Congo, un dos 5 países con máis mortalidade infantil e cunha esperanza de vida de 48,3 anos. Máis de 25 millóns de nen@s, o 39% da poboación, case non teñen escola.

3

A Rúa **VICENTE FERRER** de Elviña na Coruña lémbrao coma soldado republicano, confinado polo franquismo na fábrica de Betanzos. Identifícanse coma padriños/madriñas na educación de nenos na India a través da súa Fundación. Manolo Rivas cóntao na biografía *Rumbo a las estrellas con dificultades* e Imanol Arias tamén o fai nun filme.

4

Fanse 50 anos de guerra e 25 desde que Rusia abandonou **AFGANISTÁN**, que invadira no 78 (tamén marcharon EUA e OTAN, no 2001). Neste país hai 1,3 millóns machucados pola heroína, produción que medrou un 15%. Na foto vemos a cantante Aryana, exiliada cos pais ao comezo da guerra, e que arestora urxe liberdade. Tamén é vítima da persecución dos talibáns.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

CARITAS convoca, o 22, a "Transformarnos para transformar" na Casa de Exercicios de Santiago (981352339). Faino contra a miseria de 448.000 galeg@s e 92.800 fogares nos que non traballa ninguén. Tres de cada dez viven das prestacións, un 83% máis ca no 2007, e 2 de cada 10 viven ao límite. 121.376 desempregados rexistrados non teñen prestación.

6

A Rede Galega **CONTRA A TRATA** denuncia que 500 mulleres son sometidas a este negocio arrepiante en Lugo, o 3º ilegal máis lucrativo despois do narcotráfico e as armas. Máis de 1,39 millóns de mulleres son sometidas á escravitude sexual ao ano.

7

Celebramos o Día da **LINGUA NAI**, o 21, co libro de Héitor Picallo *Coa lingua na Terra*. É a testemuña dun activista das causas xustas, como é a fala, a prol do noso pobo. Non para na defensa do noso coa palabra, o debuxo, o sentido comunal de traballar... No mundo hai entre 6000 e 7000 linguas; en Europa, 225.

8

MIRO CASABELLA vai ser recoñecido no seu berce, Ferreira do Valadouro. Dende Voces Ceibes no 68, mantén a fidelidade co país, mesmo espallando a nosa poesía coa súa voz rexa, contra a ignominia e o desleixo. É valedor dos colectivos culturais que agora o senten coma guieiro (pensamentoesementeira@gmail.com)

Política A reputación

Pedro Pedrouzo Devesa



O protagonista da novela “As reputacións” é un debuxante cunha enorme influencia que esnaquiza a vida dun político ao caricaturizalo como pederasta. O caricaturista débátese anos despois coa temible dúbida de se foron certos os feitos que serviron de base ao seu traballo. Facer pública esa dúbida podería servir para acabar coa súa reputación.

A reputación, a imaxe, ou o cariño público, cada un na súa medida, son pequenos tesouros coidados por cada

político era un mal menor. Hoxe o listón da intolerancia pública elevouse de tal xeito que todo é digno de condena. Síntome como un atónito espectador abafado polas toneladas de información que publican os medios diariamente. Toneladas de información que non serviron para frear a corrupción no seu momento, senón para retratala a posteriori.

É certo que o nivel de corrupción é realmente indignante, pero normalizar a desconfianza no político como

da corrupción *a posteriori*. A xustiza convértese nun espectáculo social e mediático no que se valoran máis as opinións que o cumprimento das leis. Non sei se o político é digno de consideración neste momento, pero o que si é certo é que parello ao desprezo do político corre o desprezo da política. Corremos por un camiño que desprestixia a democracia, primeiro abusando dela e agora culpándoa das nosas decisións.

A democracia non nos advirte de cales das nosas decisións están erradas, simplemente ratifica as que son maioritarias. Coqueteamos coa idea de que unha mente superior nos indique cal é o camiño correcto, alguén que nos libre da carga de asumir as nosas decisións. A democracia enfróntanos coa cara máis amarga da idade adulta: a soidade das decisións, e con ela o seu froito natural: a responsabilidade.

De camiño, desfacemos reputacións, buscamos carnaza, alimentando a desconfianza social no eido humano con máis potencial para transformar a nosa sociedade: a política.

Os danos poden ser irreparables.

corremos por un camiño que desprestixia a democracia, primeiro abusando dela e agora culpándoa das nosas decisións.

un de nós. Por algo a intimidade está recoñecida como un dos dereitos constitucionais máis protexidos.

Levamos varios anos debullando amargamente as diversas formas de corrupción que gangrenan a nosa democracia, e que estamos caldeando precisamente agora, cando deixaron de reportarnos beneficios. Durante anos asumimos que o *mamoneo* polí-

criterio fainos un fraco favor. Re-creamos aos salvapatrias, militantes da honestidade que denuncian incessantemente as maldades que parimos. Erguemos a veda, e diariamente saímos a cazar ao político que toque. Tornamos voraces e pedimos novas presas que alimenten a nosa indignidade. Do todo vale ao todo está mal. Queremos axustizar aos partícipes

O noso taboleiro

Imos estando por aquí.
Levamos séculos aquí...

Redacción

Así comeza unha das cancións de A Quenlla, música e letra de Xosé Luis Rivas Cruz, "Mini", escrita nun episodio de rabia e derrota tralo afundimento do Prestige, aquel petroleiro que, segundo os xuíces, foi o único responsable de emporcallar as nosas costas e a nosa vida. Rabia porque nada mudou daquela nos despachos do poder. Valen estes versos para presentar o novo disco dos nosos amigos de **A QUENLLA** con motivo de 30 anos de **AMOR, DOR E LOITA**, de compromiso coa terra e as súas xentes.

Disco dobre con 26 temas: algúns coñecidos por todos, pero que estaban sen gravar. Outros son novas composicións botando man de poetas, amigos e, como non, da creatividade do propio grupo, sobre todo de Mini e Mero.

Nas Romaxes escoitamos moitos destes cantos durante a celebración e o concerto da tarde. Algúns dos temas foron compostos ex profeso para algunha Romaxe, como aquela escrita polo entrañable Bernardo García Cendán: "*Peixiño que está chegando, dime quen te foi pescar...*". Ou aqueloutra con letra de Cunqueiro, que cantamos no Salnés: "*A dorna vai e vén/que o meu amor ten!*".

Emociona escoitar historias tan fermosas como a de Carlos dos Santos, portugués de Sabadelle que serraba castiñeiros e choraba soñando co Porto e



Continúa na páxina 14

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Crónica da Festa do Lume

Pepe Prada

Non adoitamos ser moi sensacionalistas describindo esas pequenas cousas que organizamos. E abofé que non é nada sensacionalista dicir que a festa do lume deste ano foi unha pequena sensación. E que o lume prendeu na nosa festiña de inverno. E que moitos lumiños coma ese son os que Galicia necesita. E aínda poderíamos dicir algunha cousa máis

A asociación renóvase

Xa na asemblea da Asociación, nas intervencións e debates evidenciouse que estamos dispostos a dispostas a dar pasos importantes. Primeiro revísamos a marcha das cousas que a asociación promove. Pepe Barca rendeu contas, coa precisión e transparencia habitual, e comprobamos que *Irimia* é sustentable e viable. E iso sen contar con apoio nin subvencións relevantes, simplemente co compromiso, coa gratuidade, co apoio financeiro da base asociativa e dos subscriptores e subscriptoras.

Informouse da Romaxe en proceso, nas terras de Frades, onde hai un equipo de xente traballando para que a cousa chegue a punto.

Tamén falamos un bo anaco desta revista e de novo debatemos sobre a posibilidade de facer algún cambio na periodicidade ou, tamén, na posibilidade de que a unha parte dos subscriptores se lle puidese enviar en versión electrónica. O asunto do posible paso a revista de carácter mensual foi defendido por unha parte dos presentes, mentres que outra parte non o tiña claro en tanto non existise un proxecto alternativo máis maduro para o cambio.

O lume que prendeu na festa



Na mesa de experiencias : Nicanor Acosta, Marcial Blanco, Amelia Amigo, Manuel Adame e Diego Lores.

Tamén se informou sobre o bo funcionamento dos chamados sábados bíblicos, na Coruña, e da man dun home sabio da casa: Xoán Carlos Rodríguez Herranz. As participantes nesa actividade amosábanse tan satisfeitas que insistiron en animar ao resto a asistir.

A directiva renóvase e, na presidencia, Lois Ferradás deixa paso a Jose

A directiva renóvase: hai un cambio xeracional

Ramón de la Torre Culler. É un cambio con certo simbolismo, porque Lois, coma moitos dos que alí estaban, é da xeración fundadora daquela primeira *Irimia*, cos Cruceiros, as romaxes, a Escola Alento, etc..., mentres que o novo presidente, xunto coa actual secretaria, Teri Souto, representan unha xeración, unha rede de contactos, e un equipo de xente máis nova, que asume agora esa misión de dinamizadores deste **horizonte común** -que dicía Pepe Chao- que chamamos *Irimia*.

Para un novo contexto eclesial

A cuestión é que os diferentes debates fóronos levando a eses temas clave para calquera asociación: como, no contexto actual, deseñar unha estratexia de vitalidade e continuidade. E cal é ese contexto e cal é esa continuidade.

Efectivamente si que hai algo “no contexto” que cambiou e así se deixou ver na reunión. O cambio chámase Francisco e parece un cambio tan real como distante, e madia leva que non é precisamente curta esa distancia entre o cume dese “novo” Vaticano e esta periferia eclesial do Fin da Terra, ferida e desartellada por anos escuros de regresión e desencanto.

Falouse da necesidade de cambiar de postura, de cerrar a paréntese da catacumba e re-conectar *Irimia* con grupos, movementos, iniciativas de base parroquial, ...ou o que quede delas. Falamos de conectar cos outros restos do naufraxio (pascua xove, Urca, pastoral xuvenil, grupos....), e tratar de reconstruír a barca.

Houbo diferentes matices e opinións. Hai quen ve un tsunami cultural co que hai que conectar, que está aí fóra e arredor, feito inquedaanza máis ou menos organizada por un mundo po-

sible, alternativo, máis xusto e mellor. Centrarse na causa xusta, non tanto no instrumento institucional, nunha eventual renovación da Igrexa, tarefa titánica visto o panorama e sen prexulgar a forza desa sorpresa chamada Francisco.

Concluíuse no interese de todos e todas por organizar este verán un “conciliábulo irimego”, encontrámonos, sentarnos con vagar e falar da asociación, da revista, do futuro, coa idea de recompoñelo. Son deberes para a nova directiva.

Concluíuse na necesidade de celebrar un conciliábulo de verán, para revisar e reimpulsar a asociación

As experiencias que animan e anticipan

Despois da Asemblea pasamos a participar dunha mesa de experiencias diversas, creadas desde abaixo, nesa clave de resistencia organizada e creativa, de autoxestión fronte ao que chaman crise pero que cheira a timo.

Na mesa falou Diego Lores da **Oficina de Dereitos Sociais do barrio de Coia**, unha iniciativa moi vencellada coa comunidade do Cristo da Victoria. Explicou o seu traballo de escoita activa, acompañamento, información crítica e empoderamento de tantos veciños e veciñas do barrio afectadas pola crise. E como moitas veces a clave do cambio está na desculpabilización, na posta en común, na nova conciencia social e na recuperación de dignidade.

Marcial Blanco contou a experiencia da cooperativa de consumo responsable **Zoca Miño**, na Coruña, partindo precisamente de aclarar que é iso do consumo responsable. Contou como se organizan, como fan posible que labregas de Galicia teñan unha posibilidade de comercializar os seus

produtos, feitos coa calidade que deriva da tradición e da proximidade.

Falou tamén Nicanor Acosta, Nica, en representación dos movementos sociais e máis en concreto da **Plataforma contra os desafiuzamentos**. Impactou ver o inmenso valor da súa experiencia, todo un vellote militante, a carón da xente nova, encarándose á policía e aos banqueiros.

Amelia Amigo, que viña desde o concello de Cervantes, explicou como era a iniciativa **Ancares de Meu**, unha cooperativa de mulleres veciñas de

alí, capaz de ofrecer unha maneira distinta de visitar e patear os Ancares, desde dentro, coñecendo a xente, as casas, os costumes... Tamén falou do paradoxo de seren unha iniciativa de mulleres, premiada... pero que o está pasando moi mal porque non acaba de ter a regularidade necesaria de clientes.

E, por fin, falou tamén, Manolo Adame, por parte da **banca ética Fiare**, que nos explicou as últimas novi-

dades e cómo a banca como tal vai comezar a prestar servizos de aforro desde este mesmo ano, ademais de comezar xa a ter oficinas físicas, a primeira delas en Bilbao.

Celebración, música e festiña

Xaquín Campo foi o condutor da celebración da Eucaristía, moi rica en símbolos, na que se fixeron presentes, agradeceron e celebraron as claves do cambio na Igrexa proposto polo actual Papa. Tamén se fixo espazo para tratar de responder a un dos desafíos de Nica na súa presentación: que podemos facer?

Estiveron con nós Bea Pérez Mosquera e o grupo da Pascua Xove de Arousa. Interpretaron varias cancións e Bea, concretamente, agasalounos cunha “première” dun emocionante tema que nace da tremenda experiencia do accidente de tren na curva de Angrois. Tamén estiveron na nosa festa Mini e Mero, cunha escolma do seu novo disco, tamén en rigorosa exclusiva e directo. Fixeron unha especial homenaxe a Díaz Castro, poeta chairego elixido nas letras galegas 2014, un adiantado do espírito que anima Irimia. Todo un luxo e unha gozada.



Bea Pérez Mosquera e o grupo da pascua xove

Entrevista Unha casa de acollida para presos?

Nieves Espiñeira Medín



Que lonxe nos quedan os presos! E que lonxe a realidade dos cárceres! Por iso, ninguén mellor ca Ricardo e Andrea para achegármonos a esta experiencia esperanzadora, que se está abrindo camiño con forza. Coa finalidade de favorecer a reinserción na sociedade, Ricardo Pereira Salas, voluntario, e Andrea Lago, traballadora social, emprenderon a xestión das casas de acollida das que agora nos falan.

Como naceu esta iniciativa? Como se vos ocorreu facer algo así?

A idea non foi nosa, naceu da capelanía do cárcere. Foron os capeláns os que co seu traballo directo coas persoas privadas de liberdade do cárcere de Teixeira, vían a necesidade de conseguir para este colectivo, con escasos recursos e carentes de redes de apoio, un lugar onde puidesen ter un aloxamento para que puidesen gozar do seu permiso penitenciario.

E que utilidade pode ter unha casa destinada a xente que está presa?

Dentro do colectivo de reclusos, todos aqueles que xa cumpriron a cuar-

liberdade, un aval que se faga cargo deles.

Hai que ter en conta que dentro deste colectivo hai reclusos estranxeiros, afastados da súa familia; outros dos que as súas familias non queren saber nada e, polo tanto, tampouco non lles valen como aval de acollida. De aquí xorde a experiencia de crear pisos de acollida para eles.

Ademais de lles ofrecer o máis obvio, que é o aloxamento e o acompañamento, o piso serve tamén como primeiro paso de achegamento ao mundo exterior, non só no que ás relacións sociais se refire, senón tamén a cousas básicas como gozar do ocio e aprender a xestionar o seu tempo, o valor económico de produtos básicos, a toma de responsabilidades nas tarefas básicas, o coñecemento do funcionamento de servizos públicos...

Cóntanos logo, un pouco máis en detalle, como é o proceso para acceder á casa de acollida.

Como che dicía, os internos son propostos pola Xunta de Tratamento da prisión co consentimento do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria. A partir deste momento, iníciase o proceso de preparación do permiso cos beneficiarios. Os internos piden a vinculación ao programa por medio dos capeláns que informan nun primeiro momento das condicións da vivenda

Moitos presos teñen dereito a 48 días ao ano de liberdade pero, para para iso precisan ter onde vivir, un aval que se faga cargo deles.

ta parte da súa condena en prisión, -se non teñen ningunha sanción, e se a Xunta de Tratamento considera que son merecedores/as-, teñen dereito a gozar de 48 días por ano en liberdade. Pero para isto os internos teñen que ter un sitio onde vivir nos seus días de

e das normas que teñen que cumprir. Á hora de organizar as saídas téñense en conta, ademais da imposibilidade da familia do interno para acollelo, que coincidan un máximo de tres internos (debido ás limitacións da vivenda), evitando sempre a conco-



rrencia simultánea de homes e mulleres, polas características do colectivo penitenciario. Os informes que realiza a traballadora social ao final do permiso e a ausencia de incidencias durante o mesmo, son tidos en conta pola Xunta de Tratamento para a proposta de novos permisos.

Eses permisos, por cantos días son?

Polo xeral, trátase de permisos de catro días. Por iso, non só intentamos ofrecer un teito para facilitar o goce do permiso; o interno é informado no momento da súa chegada á vivenda

tar a normativa interna do piso, que leva unha carga de responsabilidades, coma o aseo persoal, de convivencia coa comunidade ou relacionadas co uso correcto e a limpeza de todo o que pertenza ao piso.

Durante estes dous anos de andaina do programa só cabe destacar unha incidencia negativa que foi a fuga dun dos beneficiarios. Polo demais, todo está a resultar moi positivo; boa acollida dos veciños, estupenda valoración dos rapaces que gozaron do permiso, e a satisfacción do equipo

Só porque se sintan escoitados "paga a pena perder o tempo" con eles.

de cales son os puntos de interese a visitar da cidade, actos lúdicos que poidan estar programados, comedores sociais, recursos de busca de emprego, servizos sanitarios... intentamos facilitar que estean o mínimo tempo na casa ofrecendo alternativas de ocio económicas e favorecendo as relacións sociais

Na prisión, estas persoas perden un pouco o sentido da responsabilidade; polo tanto, outro dos obxectivos é conseguir que recuperen o sentido da responsabilidade sobre si mesmos e as súas accións. Por iso cando aceptan a nosa vinculación, están a acep-



técnico e voluntario que forma parte deste programa.

E polo que vexo, estades contentos cos resultados...

Estamos. Vemos que con este traballo obtemos os mellores froitos, facilitamos a reinserción social e máis o contacto cunha sociedade normalizada, a un colectivo afectado por un alto grao de marxinalidade e exclusión.

As dificultades, que tamén as hai (xa chas conto antes de que me preguntes por elas), radican en que os permisos son curtos de tempo e que cando empezan a saborear a liberdade, xa teñen que regresar ao cárcere.

Cando convives un pouquiño máis con eles, decátaste que aínda que están libres uns días, non deixan de estar **nunha prisión** inmersos na sociedade. No seu tempo de ocio pasean, van e veñen no medio dunha sociedade normalizada pero a maioría deles fano **sós**.

Pero dicías que houbo unha fuga. Non tedes nunca a sensación de perder o tempo?

O pouco tempo que pasamos con estas persoas, non o considero perda de tempo. No noso pequeno contacto con eles, ves que teñen necesidade de seren escoitados, fálanche do que eles queren, sen presións, cóntanche a súa

Entrevista Unha casa de acollida para presos?



versión da vida, diranche mentiras ou verdades a medias; só por este simple feito de que se sintan escoitados “*paga a pena perder o tempo*”; ademais sempre podemos achegarlles algún consello, ou outra visión da vida. Para que o entendas: durante este tempo houbo unha chea de anécdotas e, aínda que algunha poida parecer un pouco frívola, axúdannos a empatazizar moito máis con eles e entender a situación pola que están a pasar: a un mariñeiro que ao gozar o permiso no verán puido ir á praia, había que lle ver a cara coa que nos contaba que era a primeira vez en 7 anos que se bañaba no mar... Unha rapaza que acode por primeira vez ao piso unha tarde de treboada á que despois de facer a acollida, dicirlle as normas, lle aconsellamos darse un baño quente e relaxante, secar o pelo... ver a súa cara de felicidade ao oír a palabra “baño”... Estas cousas fanche sentir que non perdes o tempo.

Algo que para nós pode ser tan natural e de todos os días como escoller o que imos comer ao día seguinte, para eles é un momento de goce que os fai sentir LIBRES.

E como andades de medios?

Este ano atendemos a 36 residentes de Teixeira, dúas son mulleres. Somos dúas persoas encargadas directamen-

te da xestión da vivenda e de momento temos cubertas as necesidades que isto carrega.

Agora ben, se nos implicamos cos rapaces que están no CIS, para darlles a vinculación co noso piso de acollida para as fins de semana, é posible que precisemos algún voluntario para cubrir mellor os sábados e domingos.

A maioría da sociedade, non sabe nada das tarefas de Cáritas e outras Institucións, nin pensa nunca neste colectivo que está entre rellas.

Así, se somos máis, seríanos máis doado repartírmolos as tarefas e non teríamos que desatender, ás veces, as nosas actividades persoais e familiares.

Pero, volvendo á pregunta, hoxe por hoxe, no piso de acollida da Coruña somos dous: Andrea a Traballadora Social, asalariada de Cáritas e eu, como voluntario. Aínda que somos dous os que realizamos o traballo de seguimento e control das altas na vivenda, hai tamén un equipo de 6 persoas que dende Teixeira -ademais de realizar distintas actividades- informan e ofrecen a vinculación á vivenda.

Os gastos de mantemento da vivenda son asumidos por Cáritas Diocesana de Santiago.

Como se acolleu a iniciativa desde os que a coñeceron sen estaren no allo? Estou pensando, por exemplo, nos veciños da casa de acollida.

A maioría da sociedade, non sabe nada das tarefas que fai Cáritas e outras Institucións cos presos tanto dentro da prisión coma fóra. É máis, a maioría da Sociedade non pensa nunca neste colectivo que está entre reixas.

Creo que dar a coñecer estas tarefas que se están a facer, axudaría a que se pensase máis nas persoas privadas de liberdade e nas súas familias, motivando á sociedade a colaborar.

Un exemplo claro foi precisamente o medo ao rexeitamento que pensabamos que poderíamos recibir por parte dos veciños ao explicarlles en que ía consistir esta iniciativa. Debemos dicir, dous anos despois, que a res-

posta veciñal é moi boa, ao ver que non houbo incidencias negativas, ata tal punto de ofrecérenlle comida nun momento dado a unha rapaza que estaba a esperarnos para formalizar a alta.

Para rematar, como vedes o futuro dos centros penitenciarios? Agardades cambios?

Pouco a pouco, hai que seguir traballando para que cambie algo a Lei Penitenciaria, que os permisos en liberdade sexan un pouco máis longos, concienciar a Sociedade do que son os cárceres en España, e do que pode supoñer estar privado de liberdade.



FESTA DO LUME EN BERGONDO

Chegou a Candeloria. O Convento de San Salvador de Bergondo foi o sitio elixido para celebrala. Este ano houbo máis concorrencia ca no ano anterior. Como tres veces máis numerosa: xente de Lugo, dos Ancares, de Vigo, de Abadín, Ferrol, Santiago, A Coruña e outros confíns.

A media mañá, bastante fría, fóra caía sarabia e dentro os pés fóronse arrefriando paulatinamente por espazo de dúas horas..., ata que chegou a hora do xantar compartido. Hai que recoñecer que o xantar é algo estupendo: cambias impresións, saúdas e compartes conversas... Maiores, mozos e mozas en torno ás mesas. Daba gusto e con gusto en harmonía. Harmonía e paz e tamén outras cousas pode ser a que falta nas familias. O Rubén comunicanos que os da Quenlla veñen en camiño... O que tal agrada sempre a súa compañía!

A celebración, a continuación do xantar. Marabillosa, con cantigas e música. Lemos e escoitamos os textos litúrxicos, con alusións á auga, á luz e a persoas intimamente relacionadas co simbolismo e o relato evanxélico.

As cousas verdadeiramente boas da vida eran as persoas que alí había. Pobo de Deus e sacerdotal, como nos amosa a liturxia. Somos certamente privilexiados... Dámonos conta? Pois hai que dar grazas a Deus, xa que, como os membros do corpo humano, todos fan falla e ninguén pode prescindir dos demais. Cada un coa súa función... De aí que outras persoas tamén merecen e precisan participar na estima dos fillos de Deus. Hai un par de días, estando a esperar o autobús na estación da Coruña, un senegalés ou afín ía correndo, coxeando moi ostensiblemente, cun macuto ás costas, acaso para tomar o autobús cara a algunha vila próxima porque na urbe sería demasiado elevado ou caro o currunchito onde descansar.

Quen nos asegura que non o mancaron as aramadas, ou as coitelas ou outras dificultades polas que tivo que pasar para chegar a esta terra e poder levar un mendruguíño de pan á súa boca? Somos ou non privilexiados? Cantos outros, para mellorar ou poder comer, se foron no mar a quedar...? Iso, si, é triste. A vida, si, é dura. A verdade é que parte o corazón ouvir os atrancos, dificultades, inxustizas, abusos e guerras promovidas para se faceren máis ricos uns poucos coa vergoña dos avasalados pola inxustiza e a política; dos que non poden acadar un pouco de aprecio e dignidade na vida, dos inocentes que están morrendo nos países do oriente, baixo as bombas que destrúen e arrasan... como nos contan os xornais.

Cando era pequeno, íamos ao mar pescar case toda a noite, con frío e malcomidos, para que levasen pescado ao mercado. Daquela non había facho olímpico, nin tampouco as luminarias que hoxe están tantas horas consumindo... Un derroche para a presunción de moitos políticos, quizás con contratos fraudulentos... Tiñamos que levar un farol cunha vela dentro en sitio visible para evitar algunha posible abordaxe. Ollando cara á terra ou á costa – toda ela a escuras, agás algunha luz illada que nos facía referencia – outras veces cun pequeno facho de palla (pachuzo), alumabamos as rodeiras enlamadas nos camiños. Pois, como dixo o celebrante, temos que ser luz, aínda que sexa pequeniña, para que alume os que dela precisen, tanto familiares como veciños... ou privilexiados. Todos precisamos da luz para camiñar cara a aquel que dixo “Eu son a luz...” Pois xa estamos na Candeloria. Como alguén dixo, “Con fe e *esperança* todo se *alcança*...” E que a luz alume as nosas tebras.

Cunha aberta e o aprecio,
Pepe Dópico



De esquerda a dereita :Alfredo Garrido, produtor ,Xulio Xiz e Alfonso Blanco, alentadores das realizacións, Xesús Mato, coordinador e crítico das propostas, e tamén Mini e Mero.

Ven da páxina 7

con Lisboa; Xosé Lois García puxo a letra e Mero o son para cantar e danzar coma se andásemos de noite polo Chiado.

E de vez, como anuncio profético do que ha chegar en breve: Penélope. Díaz Castro soñou Galiza coma matria, muller fiel que destecía cada noite o traballo do día, agardando un Ulises descastado. *Un paso adiante e outro atrás, Galiza, e a tea dos teus soños non se move... aran os bois e chove...*

Curros, Cunqueiro, Lois Diéguez, Lorenzo Varela, Anisia Miranda, García Bodaño, Rábade Paredes, Manuel María, Darío Xohán Cabana... son cómplices soñadores deste novo traballo de A QUENLLA.

Serve tamén o disco para agradecementos ben merecidos, entre eles Xesús Mato, o cura das montañas do Cebreiro “*camiñante deste viero, man con man dende hai moito tempo*”, Alfredo Garrido, produtor de soños, Xulio Xiz, Alfonso Blanco... E tamén aos compañeiros que fixeron camiño e partiron cara a aló levando sons e soños: Malula, Chus, César Morais e Fiz Otero.

Temos que lles agradecer a estes cantores do pobo tantas cousas, tanta entrega xenerosa, tanto exemplo... e como non, este novo disco, potente, loitador, herdeiro daquel home que levaba a patria enteira na memoria, como reza o tema dedicado a Castela. Que mellor agradecemento ca o noso compromiso cos camiños de A QUENLLA, que son os camiños desta Galiza que tece e destece:

*E aquí estaremos ó final
en pé de Matria comunal
coa luz na porta.*

*Con esa luz que nos negou
tanta mentira que borrou
a nosa historia... imos estando por
aquí, levamos séculos aquí...*

Pedidos a:

xermolos@xermolos.org

Máis información:

www.quenlla.com

Reinserción para as persoas présas: contra a tripla exclusión

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Parábola apócrifa no mar de Riazor

Verás, lirios e herbas do campo, estes días non se ven. Están asolagados nesta nosa terra na que xa non cabe nin unha miserable gota de auga máis. Pero onte en Riazor desaparecera a balaustrada, levada, esnaquizada polo mar enrabexado, el saberá por que. Esa mesma barreira de falsa pedra que ao tempo que protexía os paseantes de caer na praia quitaba de ver ben o mar. Aproveitei para pasar á praia, á mesma altura co paseo, atónita, e na area xacían cachiños daquel *quitamedos* tan mazacoto hai uns días. Sen consultalo con ninguén estaba volvendo á area matricial, á súa orixe. Pode que tivese morriña dos mimos do mar, pode que se fartara de ficar chantado sen poder danzar nas ondas coas irmás areas, pode, pode... Perdoa se engado unha metáfora apócrifa a esa declaración de amor tan túa onde nos chamas lirios, paxaros do ceo, herbas do campo, cousas tan lindas. Hoxe teño por testemuñas do Reino teu uns cachiños de pedra devecendo por ser area, por ser quen son, esquecéndose do "facér", do "ser útil para algo", do "quedar guapa", do "ser de deseño" ou ter o seu sitio onde estar ben definido, pertencer a unha cidade, ter raíces. Teño por testemuña a area coas ansias de fundirse coa nai Terra, da estirpe das estrelas e dos planetas todos. A area en ansias de comungar co ser sen facer preguntas nin dar respostas. Area feita esperanza libre buscando os confíns de todo, sen présa que me fala do Reino, e foxe o medo levado polas ondas. Fica a area, sinxela e intrépida. Agora si que quita o medo. E mañá, xa se verá!

Iso aprendín de ti mentres camiñaba por Riazor e voaba lixeira a preocupación.

Grazas polos temporais todos e pola saudade da pedra, filla da terra, irmá nosa.

Christina

DOMINGO 2 DE MARZO. VIII DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mt 6, 24-34

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: "Ninguén pode servir a dous amos, porque ou lle ten lei a un e xenreira a outro, ou ben atende a un e menospreza ao outro. Non podedes servir a Deus e mais o diñeiro. Por iso dígovos: non andedes agoniados pola vosa vida (o que ides comer, o que ides beber), nin polo voso corpo (o que ides vestir). Non vale máis a vosa vida cá mantenza, e non vale máis o voso corpo có vestido? Ollade para as aves do ceo: nin sementan, nin seituran, nin recollen nas arcas e, con todo, son mantidas polo voso Pai celestial. Non valedes vós máis ca elas? E quen de vós, por máis que se angustie, pode engadir un anaco máis ao tempo da súa vida? E polo vestido, por que vos angustiades? Aprendede dos lirios do campo: como medran, e non traballan, nin frían. E asegúrovos que nin Salomón en toda a súa gloria se chegou a vestir coma un deles. Pois se á herba do campo, que hoxe verdexa e mañá será botada ao forno, Deus a viste así, canto máis non fará por vós, homes de pouca fe? Non andedes angustiados dicindo: Que imos comer? ou que imos beber? ou que imos vestir? Por todas estas cousas andan angustiados os pagáns; e ben sabe voso Pai celestial que as precisades. Procurade primeiro o Reino de Deus e mais a súa xustiza, e todas esas cousas hánsevos de dar máis a máis. Así que non vos angustiades polo de mañá; mañá xa traerá a súa angueira. Cada día ten abondo cos seus pesares".

En tempos de crise é sandador lembrar que somos os fillos benqueridos de Deus, que non nos deixa da súa man. A min este texto conéctame coa Sofía, o Deus de Israel en compromiso activo e redentor co mundo. No libro dos Proverbios preséntase á Deus-Sofía-Sabedoría berrando nas prazas, prometendo vida a quen a escoita e segue os seus camiños (Prov 8,31), presente na creación, xogando e gozando co mundo recién nacido (Prov 8,31), preparando unha festa, poñendo a mesa, enviando ás súas criadas a anunciar o convite (Prov 9, 5-6). O libro da Sabedoría dínos que Deus-Sofía non só fai nacer o mundo, senón que se propaga dun confín a outro do universo, gobernando todas as cousas suave e poderosamente (Sab 8,1), empregando o seu poder para redimir. O seu espírito sagrado, intelixente, sutil, versátil e amante das persoas preña o mundo, renovando todas as cousas e facendo ás persoas amigas de Deus e profetas. A Sabedoría sagrada expándese até abranguer o goberno, o xogo, a ensinanza, a compañía no camiño, a implantación da xustiza e a doazón da vida no ámbito público por todo o universo.

Xesús é o ser humano en que se converte a Sofía-Sabedoría. Mateo conéctao co rei Salomón, epítome de sabedoría, promovendo unha única preocupación: a procura do Reino de Deus e maila súa xustiza. Vivir na Sofía-Sabedoría, é vivir en Deus. Que máis se pode pedir? Todo o demais son preocupacións pagáns.

Marisa de Corme

ECO

A PALABRA
A CLAVE

Falando da lingua Destino xalundes

Lidia e Valentina



Barruzo, chaparrada, chuvasco, chuviaira?

Unha lingua non só ten interferencias que saltan á vista, que se aprecian facilmente, que se poden marcar en vermello nun texto escrito, por exemplo, aqueles castelanismos que máis ou menos son recoñecibles. Por exemplo, interferencias léxicas do castelán tan habituais nos galegofalantes, do tipo “jueves”, “acera” ou “tornillo”, que conviven con interferencias morfosintácticas –habituais nos castelanfalantes– como, por exemplo, “Me dixo”, “Había feito” ou “A leite caeuse da mesa”.

Mais logo están esas interferencias que non se ven. Por exemplo pronunciamos en galego formas que teñen un sinónimo que coincide co castelán e optamos por este. Dáse moito en todos os planos, tanto no morfosintáctico como o léxico-semántico. Imos poñer exemplos para que nos digades se temos ou non razón:

- 1- “Trouxen este libro para que leas”. É correcta esta frase? Correctísima. Onde está entón o problema? Pois en que se empregamos esa expresión, deixamos de usar unha tradicional galega con infinitivo conxugado: “Trouxen este libro para leres”. Na primeira, mudando o verbo, tamén é correctísima en castelán.
- 2- “Chove moito!” Frase repetida nas últimas semanas ata a saciedade. É correcta en galego, como non! Pero se, no país da chuvia, non empregamos máis riqueza léxica ca o verbo xenérico “chover” (que é o que corresponde coa forma castelán “llover”) para referirnos a un fenómeno atmosférico que aquí pode su-

frir todo tipo de variantes que se reflicten no léxico (chuvisca, orballo, babuxa, poalla, mamaniña, zarzallo, barrufa, breca, sarabiada, treboada, enxurrada, poallo, froallo, coriscada, zarapallada...). Se non usamos máis forma ca “chover” e a acompañamos de “moito” e de “pouco”, estamos a perder moito léxico tradicional.

- 3- Igual que pasa coa “chuvia”, tamén sucede cos adverbios. Algúns deles só nos soan de velos en listas de palabras que hai que aprender. Por exemplo, pasa isto con “xalundes” ou “xaora”. Quen di “Estará xalundes”, é dicir, “nalgún lugar”? ou “Xaora que veu o pai!”, é dicir, “Claro que veu o pai”? E non fai falta ir a termos que xa se perderon na fala viva hai tempo, senón a formas coma “cadanseu” ou “connosco”, que están en activo mais só nos usos da xente maior

A perda destas formas autóctonas tamén é unha interferencia. Xaora, que si!

O Fachineiro da corrupción

As cartas pokemon encol da mesa

Nos Estados Unidos de América hai gente pa tó e estes días informeime de que dispoñen de títulos de literatura infantil tan edificantes como *Ti non vas ser astronauta: simplemente non é realista*, *Os meus amigos están todos mortos* ou entre o infantil e a autoaxuda *O meu papá vai para o cárcere: que facer cando un ser querido é preso*. E pensaba o fachineiro canto proveito lle podemos sacar a este último volume se a xuíza de Lara leva a ramo as súas pescudas; canto fillo e filla de alcalde e concelleira vai poder contar co inestimable abeiro de tan fértil lectura agora que a operación Pokemon se nos presenta parcial-



mente desvelada. Cando vexamos o remake autóctono desa lectura propoño á editorial que incorpore na presentación da trama frases do sumario Pokemon tales como “Que desastre, con lo que nos costó ganar las elecciones”. Quen así se laiaba non era ningún político, senón o directivo de Aquagest en Santiago, cando viu que o seu valedor na mafia local, Conde Roa -ou Gonorroa en versión de graffiti santiagués- abandonaba o consistorio por defraudador. A versión bíblica atopámola no edil socialista coruñés que veu dicindo “Señor, acórdate de que a miña irmá está no paro”. Literatura en estado puro.

A.Q.